

ORDENANZA CON FINS NON FISCAIS REGULADORA DE PLANTACIÓNS FORESTAIS NO CONCELLO DE VILALBA.

Artigo 1º

De conformidade co que se establece no artigo 591 do *Código Civil*, e no *Decreto 2.661/1967*, do 19 de outubro, e segundo os artigos 25, 28 e 49 da *Lei 7/1985*, do 2 de abril, *reguladora das bases de réxime local*, estableceuse unha ordenanza con carácter non fiscal reguladora das distancias entre plantacións forestais e as vivendas, construcións, camiños, municipais, praderías e todo tipo de cultivo, así como a unidade mínima de plantación.

Artigo 2º

Con carácter xeral as plantacións forestais situaranse ás distancias mínimas que se relacionan:

- DISTANCIAS A VIVENDAS: 50 m. excepto eucaliptos, piñeiros, chopos e especies de porte alto que serán a 75 m.
- A EDIFICACIÓNS NON DESTINADAS A VIVENDAS: 20 m.
- A CAMIÑOS PÚBLICOS: 5 m. desde a súa aresta exterior, excepto a cerrume de sebes que deberá realizarse á mesma distancia que as cerrumes de leiras con chantos, bloques, etc (3 m desde o eixo a camiños, e 4 m. a pistas)
- A PRADEIRAS E TODO TIPO DE CULTIVOS AGRÍCOLAS, así como FONTES, RÍOS, REGOS E CURSOS DE AUGA:
 - Eucaliptos, chopos: 25 m.
 - Piñeiros e coníferas en xeral: 15 m.
 - Carballos, castiñeiros e outras frondosas:10 m.
 - Árbores froiteiras: 3 m.
 - Arbustos e outras árbores baixas: 0,50 m.

Artigo 3º

A superficie mínima para poder realizar unha plantación será de 5.000 m², excepto en zonas enclavadas en masas forestais e/ou superficies dedicadas tradicionalmente a monte.

Artigo 4º

Dada a importancia que ten o cumprimento da presente ordenanza para o correcto desenvolvemento e fomento da riqueza forestal, agrícola, medioambiental, e paisaxística do Concello de Vilalba, establécense para os infractores, que a contraveñan, as seguintes sancións:

- 1- Con carácter xeral coa soa infracción da distancia sinalada, multa de 60,10 €.
- 2- Por cada árbore situada a menor distancia da que se preceptúa, multa de 1,80 €/árbore.

En todo caso o infractor/a está obrigado a repoñer o terreo no seu estado primitivo.

Artigo 5º

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que se publique integramente o seu texto no *Boletín Oficial da Provincia* e transcorra o prazo que se prevé no art. 49 da *Lei 7/1985*, do 2 de abril, reguladora das *bases de réxime local*.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no *Boletín Oficial de Provincia* e transcorrera o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da *Lei 7/85* e permanecera en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta ordenanza foi modificada, no artigo 4, e esta, xa introducida no texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 17 de abril de 2001, entrou en vigor a partir da súa publicación no dito Boletín, transcorrerá o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da *Lei 7/85* e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.